

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE MAIO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 16 de maio de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica (agás o punto 10b)
D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica (asiste ao punto 10b)
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Secundino Otero Faílde (asiste aos puntos 4b e 9a) (asiste aos puntos 8b, 4b e 9a)
D. José Francisco Mourelle González (asiste aos puntos 8a e 4a)
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste ao punto 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441)

A secretaria le certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 29-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Execución das obras incluídas nos proxectos para a renovación de instalacións no campo de fútbol de Monte da Mina-Castrelo, de San Andrés de Comesaña; e Relfas - Sárdoma. EXPTE. 219-441” que rematou o día 13 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. MONDO IBERICA, S.A.
3. MECANO SPORT, S.L.
4. ANLLAR.



Así mesmo, a entidade PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., comunicou o día 13 a presentación da oferta da UTE PRACE-COPCESA, a través do rexistro electrónico(doc. 190070993, coa pegada dixital), e o día 14-05-19 enviou o sobre electrónico (doc.190071759)“ .

Indícase que o Servizo de Contratación recibiu a pegada dixital da UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-CONSTRUCCIONES SAN EMETERIO, S.A. o último día do prazo de presentación de ofertas.

A continuación pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CIVIS GLOBAL, S.L.
 2. MECANO SPORT, S.L.
 3. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES SAN EMETERIO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberán achegar o anexo VII “Grupo de empresas” esixido na cláusula 14.2A):
 1. ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.U.
 2. MONDO IBÉRICA, S.A.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a dous licitadores para emendar a documentación persoal.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 14 de maio de 2019 de valoración do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:59	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB45-E7CD43-42A982-GKP36W-J2R2V4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306) (informe sobre 2)

Entrégase o informe asinado polos arquitectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo o 14 de maio de 2019 de valoración do sobre 2 “*Modelo de quiosco proposto*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo integrado de comunicacións do Concello de Vigo (8.685-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

1.- VODAFONE ESPAÑA, S.A.

Propón como prezo anual do contrato:

		TOTAL
CVF1.2 Custos Fixos		507.255,14 €
CVF1.1 Custos de consumo variables	Total chamadas voz	8.445,80 €
	Total SMS	5.650,70 €
Suma totais		521.351,64 €

Propón as seguintes horas anuais “in situ” (máximo 2024):

CVF.2 asistencia in situ	
Total horas ofertadas	2024

Propón as seguintes melloras:

Mellora	SI / NON
CVF.3.1 Servizos avanzados de seguridade	si
CVF.3.2 Servizo de videoconferencia	si
CVF.3.3 Servizo de aloxamento web e xestión de dominios	si
CVF.3.4 Servizo de housing avanzado para sistema de respaldo e recuperación ante desastres	si

2.- UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.



Propón como prezo anual do contrato:

		TOTAL
CVF1.2 Custos Fixos		522.141,92 €
CVF1.1 Custos de consumo variables	Total chamadas voz	0,00 €
	Total SMS	0,00 €
Suma totais		522.141,92 €

Propón as seguintes horas anuais "in situ" (máximo 2024):

CVF.2 asistencia in situ	
Total horas ofertadas	2024

Propón as seguintes melloras:

Mellora	SI / NON
CVF.3.1 Servizos avanzados de seguridade	si
CVF.3.2 Servizo de videoconferencia	si
CVF.3.3 Servizo de aloxamento web e xestión de dominios	si
CVF.3.4 Servizo de housing avanzado para sistema de respaldo e recuperación ante desastres	si

O detalle dos prezos unitarios recóllese nas ofertas de ambas as dúas empresas.

Asisten á apertura D. Alejandro Carrillo Torres, con DNI **.45.07*, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA e D. Severin Castroman Souto, con DNI **.71.9**, en representación de VODAFONE ESPAÑA. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre 3 "Proposición económica" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Canon ofertado



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



		LOTE 3	LOTE 8			
1	MARIA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3 e 8)	5.128,28	10.028,28			
		LOTE 2	LOTE4	LOTE 5	LOTE 9	LOTE 11
2	ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2, 4, 5, 9 e 11)	2.101,20	7.103,20	16.525,47	19.383,32	4.901,88
		LOTE 8				
3	ESTELA RIAL ABALDE	22.300,00				
		LOTE 4	LOTE 5			
4	OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lotes 4 e 5)	16.750,00	15.160,00			
		LOTE 6	LOTE 7	LOTE 10		
5	RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6, 7 e 10)	17.533,33	17.533,33	6.533,33		
		LOTE 1	LOTE 7	LOTE9	LOTE 10	LOTE 11
6	MANUEL LAGO CHAPELA (lotes 1, 7, 9, 10 e 11)	1.371,00	18.771,00	17.771,00	5.071,00	5.771,00

Asisten á apertura D^a. María Francisco Touriño, con DNI ****.*68.45***; D. Víctor Fernández Quinteiro, con DNI ****.*29.80***; D^a. Estela Rial Albalde, con DNI ****.*83.47***; D^a. Estefanía Roca Bustelo, con DNI ****.*16.94*** e D. Marcos Oya Estévez, con DNI ****.*00.88***, ambos en representación de DISBEPO, S.A.; D. José Luis García Velo, con DNI ****.*72.72***, e D. Carlos Val Gonzaba, con DNI ****.*01.48***, ambos en representación de ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., e D^a. Obdulia Lastras Francisco, con DNI ****.*67.90***. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

O referido informe, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, é entregado durante a sesión e recolle a clasificación das ofertas por orde descendente. A Mesa acéptao por unanimidade dos seus membros.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2^a da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:59	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB45-E7CD43-42A982-GKP36W-J2R2V4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



LOTE 1 quiosco do areal da Punta (A Guía) sinalado co nº 1		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	100	1ª

LOTE 2 quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) sinalado co nº 2		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Administración de Playas, S.L.	100	1ª

LOTE 3 quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 3		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
María Francisco Touriño	100	1ª

LOTE 4 quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Obdulia Lastra Francisco	100	1ª
Administración de Playas, S.L.	42,41	2ª

LOTE 5 quiosco do areal de Argazada sinalado co nº 5		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Administración de Playas, S.L.	100	1ª
Obdulia Lastra Francisco	91,74	2ª

LOTE 6 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 6		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Ricardo Santiago Daponte	100	1ª

LOTE 7 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 7		
--	--	--

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	100	1ª
Ricardo Salgado Daponte	93,41	2ª

LOTE 8 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 8		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Estela Rial Abalde	100	1ª
María Francisco Touriño	44,96	2ª

LOTE 9 quiosco situado no areal do Vao sinalado co nº 9		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Administración de Playas, S.L.	100	1ª
Manuel Lago Chapela	91,68	2ª

LOTE 10 quiosco situado no areal do Vao sinalado co nº 10		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Ricardo Santiago Daponte	100	1ª
Manuel Lago Chapela	77,62	2ª

LOTE 11 quiosco do areal da Etea sinalado co nº 11		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	100	1ª
Administración de Playas, S.L.	84,93	2ª

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar no cadro anterior, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas quinta e décima do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares”.

10.- Propostas de adjudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:59	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB45-E7CD43-42A982-GKP36W-J2R2V4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir a SCHINDLER, S.A. deste procedemento, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non telos xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte ao informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 9 de abril de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	91,00
2	ASCENSORES ENOR, S.L.	72,66

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:59	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB45-E7CD43-42A982-GKP36W-J2R2V4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U., o día 25 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida o 14 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 de marzo e 12 de abril de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



“Adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 155.360,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.963,42 euros.*
- b) *Propone un porcentaje de descuento de 27,1 (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP.*

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) (lotes 6, 7, 9 e 10)

A secretaria dá conta aos membros da Mesa da documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes.

Tendo en conta o recurso especial en materia de contratación interposto por AVENTEIRA S. COOP. GALEGA (lotes 4 e 5) e que a documentación presentada por MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. para acreditar a solvencia económica (contas de 2016, nas que se indica un volume de negocios de 59.987,46 euros) non resulta suficiente para o lote 8, cuxo valor estimado ascende a 80.254,55 euros, a Mesa acorda por unanimidade:

1. Deixar pendente de estudo os lotes 4 e 5.
2. Conceder un prazo de 3 días a MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. para que poida emendar a acreditación da solvencia económica para o lote 8, a través dos medios previstos na cláusula 8.4.3º do PCAP, referidos aos exercicios 2017 ou 2018, posto que o volume de negocios recollido nas contas de 2016 non resulta suficiente, tendo en conta que valor estimado deste lote ascende a 80.254,55 euros.
3. Propoñer ao órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:59	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB45-E7CD43-42A982-GKP36W-J2R2V4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de abril de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por exceder as súas ofertas do orzamento base de licitación:

1. *SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 7)*
2. *AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lote 9)*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 deste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) na seguinte orde descendente:

Lote 4 VERÁN NA PRAIA I:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVICIOS EDUCATIVOS E CULTURAIS)	88,22
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL	49,43

Lote 5 VERÁN NA PRAIA II:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVICIOS EDUCATIVOS E CULTURAIS)	88,05
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	BARAFUNDA, S.L.	39,36

Lote 6 VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA	89,00
2	BARAFUNDA, S.L.	30,12



Lote 7 VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	69,25

Lote 8 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	74,75

Lote 9 VERÁN EN INGLÉS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	81,75

Lote 10 CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	90,00

Terceiro.- *Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, o día 29 de abril de 2019, que presentan a documentación requirida nas seguintes datas, dentro do prazo concedido:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:59	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB45-E7CD43-42A982-GKP36W-J2R2V4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) (9 e 10 de maio de 2019)
- UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (8 e 13 de maio de 2019)
- BARAFUNDA, S.L. (7, 9 e 13 de maio de 2019)
- MR. PICWICK SCHOOL, S.L. (8 e 13 de maio de 2019)
- XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (7 de maio de 2019)

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo toda correcta agás a solvencia económica acreditada por MR. PICWICK SCHOOL, S.L. para o lote 8 que resulta insuficiente, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 6, 7, 9 e 10 e conceder un prazo a MR. PICWICK SCHOOL, S.L. para que poida emendar a solvencia económica para o lote 8.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante son as formuladas pola UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. no lote 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 15 e 23 de abril de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:59	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB45-E7CD43-42A982-GKP36W-J2R2V4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA o lote 6 “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do lote é de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.*
- b) *Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. o lote 7 “Verán con temáticas artísticas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.*
- b) *Propón a realización de 3 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) *Propón 4 persoas con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Adxudicar a MR. PICWICK SCHOOL, S.L. o lote 9 “Verán en inglés” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do lote é de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.*
- b) *Propón a realización de 2 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

- O prezo total do lote é de 36.997,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.363,37 euros.*
- Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:15 horas, logo dun receso de media hora. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:59	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAB45-E7CD43-42A982-GKP36W-J2R2V4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		